

SUMARIO

- [1-6] NOVAS
- [1-4] IGAEM
- [5] Centro Dramático Galego
- [6] EAEM
- [6] Novidades editoriais
- [7-9] AXENDA
- [10] ALERTA!
- [11] A REDE EN CIFRAS

BOTA A ANDAR A NOVA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS COMO PRINCIPAL ELEMENTO DE DINAMIZACIÓN DO MERCADO DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS EN GALICIA

TEATRO DE ACTOR, DANZA, MÚSICA, MONICREQUES E MAXIA TERÁN TRATO E ORZAMENTO ESPECÍFICOS NO MODELO ORGANIZATIVO QUE SE INICIA

CADA SALA PODERÁ ESCOLLER A SÚA INCLUSIÓN POR PERÍODOS TEMPORAIS E XÉNEROS, DENTRO DAS OPCIÓNS QUE MARCA O DOCUMENTO DE REFORMA CONSENSUADO

A Rede Galega de Teatros e Auditorios comeza unha nova etapa coa implantación das normas de funcionamento coas que se dotou tras ter rematado o procedemento interno de reforma. O circuito, que actualmente conforman o IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais) e 45 concellos e entidades que programan espectáculos en Galicia, entra na etapa da súa consolidación definitiva como principal elemento de distribución das producións escénicas e musicais galegas e coa misión principal de constituírse en ferramenta útil no desenvolvemento dun mercado dinámico para as mesmas. A aplicación progresiva dos novos procedementos de funcionamento e umbrais de contratación, así como o cumprimento dos requisitos mínimos esixidos tanto ás salas que a integran como aos espectáculos participantes suporá, na práctica, a refundación da Rede Galega de Teatros e Auditorios co obxectivo de identificala como canle de referencia na distribución de espectáculos escénicos e musicais producidos en Galicia e como modelo na xestión, programación e difusión das súas actividades.

[continúa na pantalla seguinte]

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM)

Contidos:

Área de Comunicación.

Supervisión lingüística:

Área de Publicacións

Deseño gráfico: Uqui / Cebra

Fotografías: Arquivo IGAEM

D.L.: C-826-06

[vén da pantalla anterior]

O proceso de reforma da Rede, desenvolvido a iniciativa do IGAEM e para o que se contou coa interlocución directa dos diferentes sectores implicados mediante reunións sistemáticas que se viñeron celebrando desde xaneiro de 2006, deu como resultado a redacción dun documento consensuado que, por un lado, homoxeneiza a participación tanto das salas como dos espectáculos nunhas condicións xerais básicas, ao tempo que, por outra banda, prevé regras específicas segundo os xéneros.

A Rede resultante sairá fortalecida como suma de espazos, cunha imaxe de marca unitaria, na que se desenvolverán distintas programacións tratadas coa especificidade que require cada caso. Deste xeito, teatro de actor, danza, música, monicreques e maxia manexarán orzamentos diferenciados e programaranse de xeito particularizado. Ademais, non se partirá dun orzamento pechado para cada sala, senón que o IGAEM poderá incrementar a súa aportación proporcionalmente conforme maior sexa o esforzo de cada concello.



ELECCIÓN DO GRAO DE PRESENZA

A partir de agora, cada sala –tanto de titularidade pública como privada– poderá elixir o seu grao de presenza na Rede, no sentido de decidir, de xeito previo, en cantas e en cales programacións desexa participar, sempre conforme ás opcións predeterminadas. Como condicións de participación das salas, enuméranse tanto os equipamentos escénicos e informáticos que deben reunir, así como a súa colaboración en diversos procedementos (facilitación sistemática dos datos de billeteira, establecemento dun mínimo de funcións anuais, novo sistema de participación nos cachés de contratación, prezos mínimos na venda ao público de localidades...)

Así, por exemplo, o número mínimo de funcións a contratar para o conxunto total de programacións queda cifrado en 16 para os integrantes da Rede A e 8 para os da Rede B. Canto ao material técnico que deberán aportar os espazos (que poderá ser en propiedade ou en aluguer), establécense distintos requirimentos tanto para as dotacións dos patios de butacas, escenarios, camerinos e equipamentos de luces e de

son. Para cada apartado fíxanse diferenciacións segundo se trate de espazos da Rede A ou B, así como distintos prazos temporais que, nalgúns casos, se estenden até os 24 meses.

Outra das finalidades do IGAEM para a Rede é a implantación progresiva dun sistema integrado de venda electrónica de localidades, polo que tamén se lle esixe ás salas a dotación informática precisa para poder poñelo en marcha nun futuro próximo. No capítulo de persoal e servizos, relaciónase o equipo humano –tanto permanente como para as representacións– que ha de estar dispoñible.

A participación do IGAEM e das salas para afrontar os cachés da primeira función dos espectáculos varían segundo cada programación (ver cadro da páxina 3), en tanto que para segundas funcións e seguintes o reparto no financiamento cambia se se trata de tres ou máis funcións do mesmo espectáculo (1ª: IGAEM 80% e sala 20%; 2ª: IGAEM 50% e sala 50%; 3ª: IGAEM 0% e sala 80% e billeteira) ou se son dúas funcións do mesmo espectáculo (1ª: IGAEM 60% e sala 40%; 2ª: IGAEM 40% e sala 25% do caché máis 35% de billeteira). Os contratos formalizaranse a tres bandas entre as salas, as compañías e o IGAEM.

PREZOS MÍNIMOS NA VENDA DE ENTRADAS

Os prezos mínimos das localidades (en patio de butacas) quedan fixados en función dos importes dos cachés dos espectáculos. Así, para cachés entre 750 € e 2.500 € son de 3 € na Rede A e 2,5 € na Rede B; para cachés entre 2.500 e 5.000 € márcanse en 5 € para a Rede A e 3,5 € para a Rede B; e para cachés superiores a 5.000 € as localidades non poderán poñerse á venda por menos de 8 € na Rede A e 5 € na Rede B.

Os devanditos prezos mínimos non impiden, non obstante, o funcionamento de sistemas de desconto para colectivos determinados, abonos ou promocións concretas, previa autorización do IGAEM e sempre que estes descontos non rebasen o 50% do prezo normal. Os abonos poderán supoñer descontos de até o 25% e deberán incluír un mínimo de 3 funcións por semestre. As invitacións nunca superarán o 10 % do aforo.

O documento de reforma prevé, ademais, a constitución dunha comisión de seguimento da Rede, que se reunirá de forma ordinaria unha vez por semestre ■

NORMAS ESPECÍFICAS DAS PROGRAMACIÓNS DA RGTA

	TEATRO	DANZA	MÚSICA	MAXIA**	MONICREQUES**
REQUISITOS DA COMPANHÍA	- Titularidade privada. - Alta en IAE. Obxecto social vinculado. - Exclusión de entidades sen fin de lucro. - Outros requisitos para a contratación pública. - As salas poderán pedir estes requisitos ás compañías en cada función.	- Titularidade privada. - Alta en IAE. Obxecto social vinculado. - Exclusión de entidades sen fin de lucro. - Outros requisitos para acceso a contratación pública.	- Titularidade privada. - Alta en IAE. Obxecto social vinculado. - Exclusión de entidades sen fin de lucro. - Outros requisitos para acceso a contratación pública.	- Titularidade privada. - Alta en IAE. Obxecto social vinculado. - Exclusión de entidades sen fin de lucro. - Outros requisitos para acceso a contratación pública.	- Titularidade privada. - Alta en IAE. Obxecto social vinculado. - Exclusión de entidades sen fin de lucro. - Outros requisitos para acceso a contratación pública.
REQUISITOS DE PROGRAMACIÓN DA SALA	- Dous períodos (xaneiro-xuño e setembro-dembro). As salas poden optar por participar nun só ou nos dous períodos.* - Non se poderán facer funcións escolares.* - O 80% da programación anual será de espectáculos en lingua galega de compañías con sede en Galicia. - Número mínimo de espectáculos a contratar: de xaneiro a xuño, 5 para a Rede A e 4 para a Rede B; de setembro a decembro, 4 para a Rede A e 3 para a Rede B.	- Dous períodos (abril-xuño e setembro-dembro). As salas poden optar por participar nun só ou nos dous períodos. - Número mínimo de espectáculos a contratar: de abril a xuño e de setembro a decembro, 4 para a Rede A e 3 para a Rede B. - As salas poderán escoller participar nos dous períodos ou nun só. - Cando menos, o 65% da programación aprobada corresponderá a espectáculos de compañías con sede en Galicia. - Dúas salas da Rede B distantes entre si en menos de 40 km. poderán realizar unha proposta conxunta sempre que cada unha contrate un mínimo de 2 espectáculos, distintos entre si, e que non haxa coincidencia de datas nin de espectáculos.	- Número mínimo de espectáculos a contratar: de febreiro a maio e de setembro a decembro, 4 para a Rede A e 3 para a Rede B. - As salas poderán escoller participar nas dúas temporadas ou nunha soa. - Dúas salas da Rede B distantes entre si en menos de 40 km. poderán realizar unha proposta conxunta sempre que cada unha contrate un mínimo de 2 espectáculos, distintos entre si, e que non haxa coincidencia de datas nin de espectáculos.	- O 80% da programación aprobada corresponderá a espectáculos en lingua galega. - As salas poderán escoller participar nas dúas temporadas ou nunha soa. - Dúas salas da Rede B distantes entre si en menos de 40 km. poderán realizar unha proposta conxunta sempre que cada unha contrate un mínimo de 2 espectáculos, distintos entre si, e que non haxa coincidencia de datas nin de espectáculos. - Número mínimo de espectáculos a contratar: tanto de febreiro a maio, como de novembro a decembro, 4 para a Rede A, 3 para a Rede B e 3 para outros.	- Contratación de espectáculos suxeita a un mínimo de 2 funcións por período. - O IGAEM resérvase a posibilidade de crear unha Comisión de Selección.
REQUISITOS DO ESPECTÁCULO	- As compañías non galegas quedan suxeitas ás mesmas condicións que as galegas. - Caché máximo: 12.000 €. - Procedemento de programación: á proposta inicial das salas, segue a comprobación e validación polo IGAEM; e, finalmente, a concreción e proposta definitiva das salas. - A solicitude de inscrición irá acompañada da ficha de produción e do proxecto artístico. Os espectáculos especificarán o seu caché. As necesidades técnicas a maiores correrán a conta das compañías. Cada compañía especificará na ficha o gasto de pagamento á SGAE que lle supón a cada sala a súa contratación. - Contratación de espectáculos mínima de 3 funcións de xaneiro-xuño ou de 2 de setembro a decembro.	- O IGAEM resérvase a posibilidade de facer unha selección previa de compañías. - Caché máximo admitido: 12.000 €.	- A contratación estará suxeita a un mínimo de 2 funcións, tanto de xaneiro a xuño como de setembro a decembro. - O IGAEM resérvase a posibilidade de crear unha comisión de selección.	- Contratación de espectáculos suxeita a un mínimo de 2 funcións por período. - O IGAEM resérvase a posibilidade de crear unha comisión de selección.	- O 80% da programación corresponderá a espectáculos en lingua galega e de compañías con sede en Galicia. - As salas poderán escoller participar nas dúas temporadas ou nunha soa. - Non se poderán facer funcións escolares. - Dúas salas da Rede B distantes entre si en menos de 40 km. poderán realizar unha proposta conxunta sempre que cada unha contrate un mínimo de 2 espectáculos, distintos entre si, e que non haxa coincidencia de datas nin de espectáculos. - Número mínimo de espectáculos a contratar: tanto de febreiro a maio, como de outubro a decembro, 4 para a Rede A, 3 para a Rede B e 3 para outros.
SISTEMA DE FINANCIAMENTO PARA A PRIMEIRA FUNCIÓN	- Localidades de menos de 30.000 hab.: IGAEM 50% e salas 50%. - Localidades de máis de 30.000 hab.: Para caché menor de 3.000 € IGAEM 40%. Entre 3.000 e 4.500 €: IGAEM 45%. Maior de 4.500 €: IGAEM 50%.	- Localidades de menos de 30.000 hab.: IGAEM 60% e salas 40%. - Localidades de máis de 30.000 hab.: Para caché menor de 3.000 €: IGAEM 40%. Entre 3.000 e 4.500 €: IGAEM 50%. Maior de 4.500 €: IGAEM 60%.	- Localidades de menos de 30.000 hab.: IGAEM 50% e salas 50%. - Localidades de máis de 30.000 hab.: Para caché menor de 3.000 € IGAEM 40%. Entre 3.000 e 4.500 €: IGAEM 45%. Maior de 4.500 €: IGAEM 50%.	- Localidades de menos de 30.000 hab.: IGAEM 50% e salas 50%. - Localidades de máis de 30.000 hab.: Para caché menor de 3.000 €: IGAEM 40%. Entre 3.000 e 4.500 €: IGAEM 45%. Maior de 4.500 €: IGAEM 50%.	- Localidades de menos de 30.000 hab.: IGAEM 50% e salas 50%. - Localidades de máis de 30.000 hab.: Para caché menor de 3.000 €: IGAEM 40%. Entre 3.000 e 4.500 €: IGAEM 45%. Maior de 4.500 €: IGAEM 50%.

* Tanto as funcións programadas nos meses de verán como as escolares terán o seu tratamento específico no novo programa de Circuitos Culturais da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural.

**Pola súas características específicas de distribución, a programación de maxia e monicreques pode estenderse a concellos non membros da Rede, caso no que a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural asumirá a porcentaxe de cofinanciación marcada.

PAULA CARBALLEIRA GAÑA O PREMIO MANUEL MARÍA E MANUEL GUEDE O ÁLVARO CUNQUEIRO

Paula Carballeira, coa obra *Boas noites*, gañou o I Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil e Manuel Guede, con *Ocaso Otero*, o XV Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais.

De *Boas noites* o xurado destacou destacou dela a axilidade dos seus diálogos, así como a orixinalidade na elección do tema sobre o que se desenvolve a trama, o estrés infantil, como argumento contemporáneo que Carballeira aborda seguindo a tradición fantástica.

Ocaso Otero está inspirada na vida de Carolina Otero "La Bella Otero". O xurado salientou deste texto a súa axilidade e economía teatral, xa que propón un xogo con tres actores para numerosos personaxes, ademais da boa resolución dramática dunha historia com-

plexa e con apuntamentos metateatrais. A obra resultou elixida de entre un total de 24 títulos candidatos.

Os galardoados recibirán unha dotación económica de 4.000 euros, no caso do Manuel María, e de 6.000 euros, no do Álvaro Cunqueiro. Ambas as obras serán publicadas ■

VACUO SERÁ A PRIMEIRA PRODUCCIÓN PROPIA DO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

O Centro Coreográfico Galego está en pleno proceso de produción do seu primeiro espectáculo, que levará por título *Vacuo* e se distribuirá polos escenarios galegos de xaneiro a marzo de 2007.

A peza, dirixida por Maruxa Salas, conta coa participación de 15 bailaríns (María Pilar Abaurrea, Pablo Aradillas, Lorena Ballesteros, Elena Conesa, Alexis Fernández, Carmela Díaz,

Miguel Ángel Llorenç, Kirenía Martínez, Cristina Miralles, Gustavo Muñiz, Amparo Novas, Matilde Pedreira, Ana Beatriz Pérez, Caterina Varela e Iván Villar), ademais da colaboración de Baltasar Patiño no espazo escénico e a iluminación, o grupo Berrogüetto na música, Ruth Díaz no vestuario e Adriana Domínguez nas pezas audiovisuais que contén a montaxe.

Salas, que conta tamén con Erick Patrith Jiménez e Igor Goyena como asistentes, é a primeira coreógrafa convidada por este novo centro, creado pola Consellería de Cultura e Deporte no seo do IGAEM para o desenvolvemento da danza en Galicia a todos os niveis.

De xeito paralelo ao proceso de creación do espectáculo, o Centro Coreográfico Galego, baixo a coordinación de Natalia Balseiro, está a levar a cabo un labor de implicación dos promotores e culturais galegos no proxecto para que

a difusión de *Vacuo* entre o público galego sexa a máxima posible dentro do seu período limitado de xira ■

O IGAEM ADXUDICA 220.000 EUROS AOS 19 BENEFICIARIOS DAS AXUDAS Á ACTIVIDADE ASOCIATIVA, UNIVERSITARIA E NON PROFESIONAL

O Consello Reitor do IGAEM resolveu o pasado 16 de outubro a ratificación das axudas ao sector escénico e musical na modalidade E -que comprende as actividades asociativa, universitaria e non profesional- e das que se beneficiarán 19 entidades que resultaron adxudicatarias, en diferentes contías, dun total de 220.000 euros.

No apartado relativo á actividade asociativa, a Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia recibirá 34.000 €, a Asociación Galega de Profesionais da Danza Escénica 12.000 €, a Federación Galega de Novo Circo 12.000 €, a Asociación galega de Profesioanis da Danza 12.000 €, a Asociación Escena Galega 9.000 € e a Asociación Profesional Galega de Técnicos de Escena 5.000 €.

Canto á actividade universitaria, a Universidade da Coruña percibirá 14.000 €, a Universidade de Santiago de Compostela 18.000 €, a Universidade de Vigo 14.000 € (7.000 para cada un dos seus dous campus) e a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia 7.000 €.

No que atinxe á actividade non profesional, outorgáronse 27.000 € á Federación Galega de Teatro Afeccionado, 12.000 á Federación Coral Galega, 12.000 á Asociación de Gaiteros Galegos, 10.000 á Asociación Galega de Intérpretes de Música Clásica, 6.000 á Asociación Xuvenil Xacarandaina, 6.000 á Fundación Laxeiro, 6.000 á Fundación Reveriano Soutullo e 4.000 á Asociación O.R.A.L. de Galicia. Está previsto que, en posteriores convocatorias, estas dúas últimas modalidades partan na Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural ■

SETE COREOGRAFÍAS COMPETIRÁN COMO FINALISTAS NA GALA DO IV CERTAME DO IGAEM

Un total de sete obras coreográficas competirán o 25 de novembro a partir das 20:30 horas no escenario do salón Teatro polos premios previstos no IV Certame de Creación Coreográfica de Galicia, que convoca o IGAEM. Conforme ás bases deste certame, unha comisión nomeada ao efecto realizou unha selección de finalistas entre as dezaséis coreografías presentadas, que terán agora que escenificar as súas propostas nunha gala aberta ao público, a cuxo termo se dará a coñecer o palmarés de galardoados.

As obras e creadores finalistas son *Alambique*, de María Carbonell (Valencia); *Un solo*

gesto, de Amancio Rial (Santiago de Compostela); *Ayer y hoy*, de Mireia Sans (Madrid); *Éxodo*, de Francisco Leiva (Madrid); *Aletheia*, de Pacho Ayaso, Barcelona; *Tres días e un sapato*, de Meritxell Barbera e Inma García (Valencia); e *En la cuenca de tus ojos de Alexis Fernández*, Armando Martén, Kirenía Celia e Ana Beatriz Pérez (A Coruña). O xurado baseará a súa decisión final en criterios como a orixinalidade, a capacidade de invención, a innovación e risco das propostas, o manexo da linguaxe coreográfica e a utilización do espazo escénico e dos seus elementos.

O IV Certame de Creación Coreográfica de Galicia poderá entregar até un máximo de cinco distincións. Así, o primeiro premio está dotado con 4.000 euros, ademais de contemplar a posibilidade de que a obra gañadora se exhiba dentro da programación de coreografías galardoadas que promove a nivel estatal a Federación de Asociaciones de Profesionales de la Danza. As bases establecen, así mesmo, galardóns para as dúas seguintes coreografías finalistas (2.500 euros para a segunda clasificada e 2.000 euros para a terceira). Contémplase, ademais, un cuarto premio de 1.500 euros ao bailarín ou bailarina destacado, así como a posibilidade de conceder a maiores unha mención especial por outros 1.500 euros ■



Centro Coreográfico Galego

A CABANA DE BABAIAGÁ PECHA A SÚA DISTRIBUCIÓN CON MÁIS DE 11.000 ESPECTADORES

A *cabana de Babaiagá*, espectáculo de música e narración oral para público infantil que dirixiu Paula Carballeira para o CDG, rematou a súa distribución en Galicia cun balance de público de máis de 11.000 espectadores, a meirande parte nenas e nenos que presenciaron esta montaxe nos 9 escenarios doutros tantos concellos galegos nos que se representou.

Ferrol, Ribadeo, Muros, Santiago, Oleiros e Viveiro durante a temporada escénica 2005-2006; e Ourense, O Barco de Valdeorras e Carballo na actual temporada 2006-2007, acolleron esta proposta escénica dirixida especialmente a rapaces de entre 6 e 11 anos.

En *A cabana de Babaiagá*, baseada nun conto popular ruso, conta a historia de dous personaxes, a rapaza Natasha e a bruxa Babaiagá –os dous encarnados por Paula Carballeira–, discorreu en paralelo á interpretación en directo dunha selección de pezas musicais de compositores do leste europeo que realizan Alfredo Gómez (clarinete), Alexandre Lugo (viola), Yuri Sdar (baixo acústico), Manolo Vázquez (frautas, gaita, xilófono, percusión) e Vadzim Ujnevich (baian) ■



El señor Ibrahim y las flores del Corán

UNHA COPRODUCCIÓN ENTRE UROC TEATRO E CDN ABRIRÁ A NOVA CARTELEIRA DO SALÓN TEATRO

A coprodución entre Uroc Teatro e Centro Dramático Nacional (CDN) *El señor Ibrahim y las flores del Corán* inaugura o 2 de decembro a nova programación do Salón Teatro de Santiago. O texto de Eric-Emmanuel Schmitt con versión e dirección de Ernesto Caballero ofrecerá dúas funcións (sábado 2 ás 20.30 e domingo 3 ás 18.00), como primeira mostra dunha carteleira que inclúe, até finais de ano, outras propostas artísticas integradas nun proxecto de programación plural e de calidade, como son a compañía Fila 7 coa obra *Lorca eran todos*, con autoría e dirección de Pepe Rubianes (16 e 17 de decembro) ou o Teatro Nacional S. Joao con *Woyzeck*, de Georg Büchner con dirección de Nuno Cardoso (21 e 22 de decembro).

O Salón Teatro pechará 2006 coa Semana de Teatro Infantil, na que participarán, entre o 26 e o 30 de decembro, Achiperre Teatro con *Enrique V*, Talía Teatro con *O merlo branco*, Disque Danza con *Menú vexetal*, Sapristi con *Unha merenda de Alicia* e Experimenta Danza coa estrea de *Arte a escena* ■

EXITOSA ACOLLIDA DO PRIMEIRO SEMINARIO DE CREACIÓN DRAMÁTICA QUE IMARTIRÁ CÁNDIDO PAZÓ

Un total de 14 alumnos participarán no primeiro dos seminarios previstos dentro curso de escrita teatral *Pistas para unha dramaturxia da actualidade*, que impartirá o autor, actor, narrador e director escénico Cándido Pazó (Vigo, 1960) como actividade inaugural do Centro de Creación Dramática Contemporánea que vén de poñer en marcha o CDG cun grande éxito de acollida.

Baixo o título *O tema. Sobre que queremos escribir?*, o primeiro dos seminarios, de 15 horas de duración, desenvolverase do 13 ao 17 de novembro e centrarase en aspectos relacionados coa escolla dos temas e motivos de teatralización, dirección de conflitos e valoración dos potenciais puntos de partida.

O curso completo, para o que axiña se esgotaron as prazas dispoñibles, comprende outros dous obradoiros a través dos que se identificarán e estudarán os múltiples temas que poden definir a actualidade, rastrexando e experimentando os distintos enfoques, estratexias e camiños dramaturxicos para abordalos. Ademais de Pazó, o dramaturgo valenciano Pazo Zarzoso e o portugués Abel Neves serán os profesores deste encontro, dirixido a todas aquelas persoas con interese na escrita teatral, preferiblemente con experiencia ou con formación probada en artes escénicas ■

FE DE ERROS: A imaxe da páxina 3 do anterior número do e-scena corresponde a: Inquedanza. En la cuenca de tus ojos (Foto: Ana B. Pérez).



O regreso ao deserto

COMEZA EN LUGO A XIRA GALEGA DE O REGRESO AO DESERTO

Trala súa estadía en Compostela até o día 19, o Centro Dramático Galego inicia o 24 de novembro no Auditorio Municipal Gustavo Freire de Lugo a xira de *O regreso ao deserto*, que se prolongará até o mes de xaneiro pasando por Pontevedra (Teatro Principal, 2 de decembro), A Coruña (Teatro Rosalía de Castro, 5 e 6 de decembro), Ferrol (Teatro Jofre, 9 e 10 de decembro), Ourense (Teatro Principal, 20 e 21 de decembro), Ribadeo (Auditorio Municipal Hernán Naval, 7 de xaneiro), Vigo (Centro Cultural Caixanova, 13 de xaneiro) e Narón (Auditorio Municipal, 19 e 20 de xaneiro).

Celso Parada e Luísa Merelas encabezan o elenco de 14 actrices e actores (Toni Salgado, Rocío González, Alberto Rolán, Ursia Gago, Josefa Barreiro, Pilar Pereira, Manuel Areoso, Robert Matthews, Mohamed Azibou, César Goldi, Alfredo Rodríguez e Vicente Montoto) desta produción, na que nomes consagrados comparten cartel con novos valores da escena galega.

A montaxe de *O regreso ao deserto* –primeira versión en galego do texto, realizada a partir da tradución de Fernando Moreiras– supón a incorporación ao noso repertorio escénico da derradeira peza estreada en vida por Koltès (Metz, 1948-París, 1989), considerado como unha das máis salientables figuras da dramaturxia europea contemporánea ■

DOUS CURSOS DE TROMPRETA E SAXOFÓN, PRIMEIRAS CITAS DA SECCIÓN DE FORMACIÓN PERMANENTE DA EAEM

A Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia (EAEM) iniciou o pasado 9 de outubro o novo curso lectivo 2006-2007, para o que este centro docente propón diferentes iniciativas formativas nas súas seccións nas que organiza a súa actividade: a de Especialización e a de Formación Permanente.

Deste xeito, para o mes de novembro están previstos –no apartado de Formación Permanente– dous cursos monográficos, o primeiro deles de trompeta (do 20 ao 24) e o segundo de saxofón (15, 16, 17, 29, 30 de novembro e 1 de decembro).

O curso de trompeta será impartido por Bo Nilsson, trompeta solista da Orquestra Sinfónica de Malmö (Suecia) durante os últimos 40 anos, pedagogo de reputación internacional e especialista en técnicas de respiración e embocadura. Nilsson ten desenvolvido a súa actividade docente en Australia, Xapón, Italia, Suíza, Estados Unidos, Suecia, etc.

O de saxofón conta como profesores con Claude Delangle, do Conservatorio Nacional Superior de Música de París e con Marie-Bernardette Charrier, do Conservatorio Nacional da Rexión de Burdeos. Este curso complementarse coa celebración de varios concertos públicos, como os que protagonizará o cuarteto de saxofóns S@X21 os días 16 de novembro e 1 de decembro na sede da EAEM en Santiago de Compostela ■



Caderno pedagógico de O regreso ao deserto

Alfredo Rodríguez Fernández
Centro Dramático Galego
<http://www.igaem.xunta.es/novas/nova.php?id=76&lg=gal>

Con esta obra, o Centro Dramático Galego inicia unha nova liña de material educativo dos seus espectáculos, destinada a facilitar o traballo dos profesores e alumnos respecto da asistencia ás representacións teatrais como complemento á formación docente. Neste primeiro caderno, Alfredo Rodríguez Fernández presenta unha selección de documentos que configuran un manual para empregar libremente, para axudar á reflexión sobre a creación dun espectáculo ■

Perfil do público da Rede Galega de Teatros e Auditorios

IGAEM

<http://www.igaem.xunta.es/novas/nova.php?id=60&lg=gal>

Neste enderezo pode consultarse e descargarse o estudo a través do que o IGAEM definiu por vez primeira en Galicia os segmentos po-boacionais e perfís sociodemográficos dos espectadores de teatro galego, ademais dos seus comportamentos, actitudes e hábitos de consumo. Das conclusións da investigación –que comprendeu 503 enquisas realizadas entre xaneiro e maio de 2006 a espectadores maiores de 15 anos en 21 concellos da Rede Galega de Teatros e Auditorios, así como o desenvolvemento de 3 grupos de debate–, reflíctese que o teatro galego é consumido por un público maioritariamente feminino (64%), cunha idade comprendida entre os 25 e os 54 anos (73%), cun nivel de estudos medio alto (51% titulados universitarios fronte ao 10,7% da poboación; 93% con educación secundaria completada, fronte ao 65% da poboación); e cunha porcentaxe tamén elevada de profesionais e estudantes ■



Memoria crítico-bibliográfica sobre el Teatro Regional Gallego

Uxío Carré Aldao

Universidade da Coruña.
Departamento de Galego-Portugués,
Francés e Lingüística /
Biblioteca-Arquivo Teatral
Francisco Pillado Mayor, nº 46
(serie ouro)
ISBN: 84-9749-210-2
PVP: 10 €

Na historia da literatura galega, e en concreto da dramática, a sorte foi un factor decisivo para moitos dos escritos; algúns xa non se conservan, mais talvez outros aínda estean por descubrir. Así, este ensaio de Uxío Carré Aldao ficou relegado ao ámbito máis privado, polo que non se soubo da súa existencia até hai ben pouco; na actualidade consérvase no arquivo familiar 'Leandro Carré', do que existe unha copia na Biblioteca-Arquivo Francisco Pillado Mayor.


Con esta edición, ofrécese un dos primeiros textos teóricos conservados sobre os inicios do teatro galego contemporáneo, cuxa importancia radica non só na multitude de datos que se fornecen sobre as obras existentes, as representacións, o periplo vital do teatro galego... senón, sobre todo, porque os feitos son contados por un dos actores desa historia ■

A conquista da escola de Madhubai

Hélène Cixous

Universidade da Coruña.
Departamento de Galego-Portugués,
Francés e Lingüística /
Biblioteca-Arquivo Teatral
Francisco Pillado Mayor, nº 45
(serie vermella)
ISBN: 84-9749-208-0
PVP: 12 €

Hélène Cixous naceu en Orán, Alxeria, en 1937, e actualmente está afincada en París. Recoñecida como unha das máis influentes escritoras no pensamento posmoderno e feminista, a súa inxente obra comprende un abano de máis de cincuenta libros entre ficcións, teatro, e ensaio, e foi traducida a múltiples linguas. Aínda que nos seus textos de ficción a autora desenvolve a complexidade do seu eu e do seu pensamento á procura de –e mediante– unha nova linguaxe rupturista, o seu teatro é ante todo unha viaxe cara ás/aos outras/os, cara a outras culturas, outras maneiras de re-pensar e reinventar o mundo: unha viaxe cara ás diferenzas. Un feito histórico protagonizado por unha muller india rebelde e insubmisiva é o punto de partida da presente travesía teatral da autora ■



01 MÉRCORES	Sarabela Teatro Mcbeth A Coruña 20.30 TEATRO ROSALÍA DE CASTRO		CDG O regreso ao deserto Santiago 20.30 SALÓN TEATRO					
02 XOVES	Sarabela Teatro Mcbeth A Coruña 11.30 TEATRO ROSALÍA DE CASTRO		CDG O regreso ao deserto Santiago 11.00 SALÓN TEATRO (escolar)					
03 VENRES	Cía. Cuarta Pared Café Noia 21.30 TEATRO COLISEO NOELA	Marco González Tango Argentino Milonga sentimental A Estrada TEATRO PRINCIPAL	CDG O regreso ao deserto Santiago 20.30 SALÓN TEATRO	Lagarta Lagarta Carambola (cóncavo, convexo) Tui TEATRO MUNICIPAL ÁREA PANORÁMICA		Coruña Brass A forza do vento Vilagarcía 21.00 AUDITORIO MUNICIPAL	No Ceo Concerto de voz Vilagarcía 21.00 AUDITORIO MUNICIPAL	Quinteto de Vento Pentafonía Concerto de música de cámara Xove 12.00 CASA DA CULTURA DO C.CÍVICO
	Teatro do Atlántico Memoria do 36 Muros CENTRO CULTURAL E XUVENIL	Xirriquiteula Teatre Papirus O Barco de Valdeorras TEATRO MUNICIPAL LAURO OLMO	Teatro de Ningures Misericordia Lalín 21.30 NOVO SALÓN TEATRO	Miki Nervio & The Bluesmakers San Sadurniño 21:00 CENTRO SOCIOCULTURAL		Il Vecchio Borgo Música acuática e música para os reais fogos artificiais Sada 21.00 CASA DA CULTURA P. LLORENS		
04 SÁBADO	Abe Rábade Jazz Simetrías Vilagarcía 21.00 AUDITORIO MUNICIPAL	B.B. Produccións Lili Camaleón Ortigueira TEATRO DA BENEFICENCIA	CDG O regreso ao deserto Santiago 20.30 SALÓN TEATRO	Miki Nervio & The Bluesmakers Foz 20.00 CASA DO POETA MANUEL MARÍA	Teatro do Noroeste Imperial Café Cantante Oleiros 20.30 AUDITORIO GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ	Experimenta Danza Meltemi A Coruña 20.30 TEATRO ROSALÍA DE CASTRO		
05 DOMINGO	Teatro do Morcego Farsa de Bululú, homenaxe a Manuel María Cambados 19.00 AUDITORIO M. A XUVENTUDE		CDG O regreso ao deserto Santiago 18.00 SALÓN TEATRO					
06 LUNS			Distrito Latino Afro-Cuban Latin Jazz San Sadurniño 21.00 CENTRO SOCIOCULTURAL					
08 MÉRCORES			CDG O regreso ao deserto Santiago 11.00 SALÓN TEATRO (escolar)					
09 XOVES	Armonía Universal Dúo de música barroca O Barco 20.30 TEATRO MUNICIPAL LAURO OLMO	Fulano, Mengano e Citano O faro Pontevedra 11.30 TEATRO PRINCIPAL	CDG O regreso ao deserto Santiago 20.30 SALÓN TEATRO					
10 VENRES	Fulano, Mengano e Citano O faro Pontevedra 20.30 TEATRO PRINCIPAL	Lagarta Lagarta Carambola (cóncavo, convexo) Burela 21.30 CASA DA CULTURA	CDG O regreso ao deserto Santiago 20.30 SALÓN TEATRO	Sol de Farofa Ribadeo 22.00 AUDITORIO MUNICIPAL HERNÁN NAVAL	Talía Teatro O merlo branco Boiro 12.30 e 20.00 CASA DA CULTURA	Títeres Cascanueces O astrólogo, María e a pócima maravillosa O CARBALLIÑO AUDITORIO MUNICIPAL	Títeres Trompicallo Nadarín As Pontes 12.00 e 18.00 CASA DOPESO	Leilía O son de Leilía Tui 21.30 TEATRO MUNICIPAL ÁREA PANORÁMICA
11 SÁBADO	Anacaona Latin Jazz Quarter Foz 20.00 CASA DO POETA MANUEL MARÍA	Ancora Produccións Final de película Gondomar AUDITORIO MUNICIPAL LOIS TOBÍO	CDG O regreso ao deserto Santiago 20.30 SALÓN TEATRO	Coruña Brass A forza do vento Carballo 11.30 PAZO DA CULTURA	Estibaliz Espinosa Cinemuse Sada 21.00 CASA DA CULTURA PINTOR LLORENS	Sapristi So, sobre Cedeira AUDITORIO MUNICIPAL	Talytakumy Os contracontos de Talyta Vigo AUDITORIO MUNICIPAL	Teatro de Adro García Cangas AUDITORIO MUNICIPAL
	Teatro do Atlántico A raíña da beleza de Leenane Viveiro TEATRO PASTOR DÍAZ	Teatro do Noroeste Imperial Café Cantante Vilalba AUDITORIO CARMEN ESTÉVEZ		Vocalise Cancións do mundo Xove 20.00 CENTRO CÍVICO	Arrieritos 13 Rosas A Coruña 20.30 TEATRO ROSALÍA DE CASTRO			

12 DOMINGO	Teatro de Ningures <i>Tartufo</i> Cambados 19.00 AUDITORIO MUNICIPAL A XUVENTUDE	Talía Teatro <i>Esperando a Godot</i> Vigo CENTRO CULTURAL CAIXANOVA	CDG <i>O regreso ao deserto</i> Santiago 18.00 SALÓN TEATRO		Teatro do Noroeste <i>Imperial Café Cantante</i> Ribadeo AUDITORIO MUNICIPAL HERNÁN NAVAL	Doa <i>Arboretum</i> Carballo 20.00 PAZO DA CULTURA	12 DOMINGO			
14 MARTES	Jazzic Duetto <i>Clásicos en clave de jazz</i> Xove 15.00 SALÓN DE ACTOS DA CASA DA CULTURA	Pablo Nojes e Páprika <i>Los cómicos ambulantes</i> Tui TEATRO MUNICIPAL ÁREA PANORÁMICA					14 MARTES			
15 MÉRCORES			CDG <i>O regreso ao deserto</i> Santiago 11.00 SALÓN TEATRO (escolar)		Teatro Buratini <i>Tic, tac. Sons dunha nave</i> Tui TEATRO MUNICIPAL ÁREA PANORÁMICA		15 MÉRCORES			
16 XOVES	Teatro do Atlántico <i>A raíña da beleza de Leenane</i> Monforte de Lemos EDIFICIO MULTIUSOS	S@X 21 <i>Concerto do Curso de Saxofón</i> Santiago 20.00 EAEM	CDG <i>O regreso ao deserto</i> Santiago 20.30 SALÓN TEATRO				16 XOVES			
17 VENRES	Arela das Artes <i>As que matan o sono (a partir de Macbeth)</i> Vilagarcía 21.00 AUDITORIO MUNICIPAL	Claude Delangle e Marie Kobayashi <i>Concerto do Curso de Saxofón</i> Santiago 20.00 EAEM	CDG <i>O regreso ao deserto</i> Santiago 20.30 SALÓN TEATRO	Nova Galega de Danza <i>Engado, ilusionistas de a pé</i> As Pontes AUDITORIO MUNICIPAL CINE ALOVI	Teatro Buratini <i>Tic, tac. Sons dunha nave</i> Tui TEATRO MUNICIPAL ÁREA PANORÁMICA	Teatro de Ningures <i>Tartufo</i> O Carballiño AUDITORIO MUNICIPAL	Teatro do Atlántico <i>A raíña da beleza de Leenane</i> O Barco TEATRO M. LAURO OLMO	Os Monicreques de Kukas <i>Galiza Máxica</i> Sada CASA DA CULTURA P. LLORENS	Mofa e Befa <i>Sempre ao lonxe</i> Silleda 21:00 CASA DA CULTURA	17 VENRES
18 SÁBADO	Anacaona Latin Jazz Quarter Sada 21.00 CASA DA CULTURA DO PINTOR LLORENS	Carlos Segovia No Jazz Trío <i>No jazz</i> Vilagarcía 21.00 AUDITORIO MUNICIPAL	CDG <i>O regreso ao deserto</i> Santiago 20.30 SALÓN TEATRO	Experimenta Danza <i>Imaxina que...</i> As Pontes AUDITORIO MUNICIPAL CINE ALOVI	Vocalise <i>Canciós do mundo</i> Foz 20.00 CASA DO POETA MANUEL MARÍA	The Pinga Teatro <i>Urbe v.0.2</i> Gondomar AUDITORIO MUNICIPAL LOIS TOBÍO				18 SÁBADO
19 DOMINGO	Nove Dous <i>Ondas</i> Cambados 19.00 AUDITORIO MUNICIPAL A XUVENTUDE	Sapristi <i>So, sobre</i> Ribadeo AUDITORIO MUNICIPAL HERNÁN NAVAL	CDG <i>O regreso ao deserto</i> Santiago 18.00 SALÓN TEATRO	Teatro do Noroeste <i>A casa do pai</i> San Sadurniño 19.30 PRAZA DO CONCELLO						19 DOMINGO
21 MARTES		John Aigi <i>Trompeta e piano</i> Viveiro 20.30 TEATRO PASTOR DÍAZ								21 MARTES
22 MÉRCORES		A Factoría Teatro <i>O tío Vania</i> Lugo AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE								22 MÉRCORES
23 XOVES	Balea Branca <i>Defensa de dama</i> Arteixo CENTRO CÍVICO CULTURAL	Orquestra da Escola de Altos Estudos Musicais <i>Dirixe: Jordi Mora</i> 21.00 Carballo	Mofa e Befa <i>Sempre ao lonxe</i> Pontevedra TEATRO PRINCIPAL	Quinteto de Vento Pentafonía Viveiro 20.30 TEATRO PASTOR DÍAZ						23 XOVES
24 VENRES	Balea Branca <i>Defensa de dama</i> Boiro 21.00 CASA DA CULTURA	Orquestra da Escola de Altos Estudos Musicais <i>Dirixe: Jordi Mora</i> 20.30 Mondoñedo	CDG <i>O regreso ao deserto</i> Lugo 20.30 SALÓN TEATRO	Mondello Quarter <i>Cuartetos de corda de Mozart</i> O Barco 20.30 TEATRO M. LAURO OLMO	Mofa e Befa <i>Sempre ao lonxe</i> Pontevedra TEATRO PRINCIPAL	Sarabela Teatro <i>O heroe</i> Lalín 21.30 NOVO SALÓN TEATRO	Teatro de Ningures <i>Tartufo</i> Ames 21.00 CASA DA CULTURA DE BERTAMIRÁNS	Teatro do Atlántico <i>A raíña da beleza de Leenane</i> O Carballiño AUDITORIO MUNICIPAL		24 VENRES
	Modern Mozart <i>Concerto monográfico de Mozart con arranxos modernos</i> San Sadurniño 12.30 CENTRO SOCIOCULTURAL	Il Vechio Borgo <i>Música acuática e música para os reais fogos artificiais</i> Vilagarcía 21.00 AUDITORIO MUNICIPAL								

e_scena

PÁXINA 8 NÚMERO 07 NOVEMBRO 2006

CDG

EAEM

Rede Galega de Teatros e Auditorios

Rededanza

Redesons Jazz

Redesons Clásica

25
SÁBADO

Balea Branca
Defensa de dama
Vilalba
AUDITORIO MUNICIPAL

Cuarteto de Cordas Presto
Cuartetos Solares
Xove 20.00
CENTRO CÍVICO

Gala do IV Certame de Creación Coreográfica de Galicia

25 de novembro
Santiago 20.30
Salón Teatro



Monkillos
Sada 21.00
CASA DA CULTURA PINTOR LLORENS

Distrito Latino
Afro-Cuban Latin Jazz
Vilagarcía 21.00
AUDITORIO MUNICIPAL

Pífano Teatro
Rotas
Sanxenxo
PAZO EMILIA PARDO BAZÁN

Expresións Produccións
Entre nós
Ortigueira
TEATRO DA BENEFICENCIA

Tarabuleque Teatro
O tendedeiro
Vigo
AUDITORIO MUNICIPAL

Mofa e Befa
Sempre ao lonxe
Gondomar
AUDITORIO MUNICIPAL LOIS TOBÍO

26
DOMINGO

Teatro do Atlántico
A rainha da beleza de Leenane
Cambados 19.00
AUDITORIO M. A XUVENTUDE

Teatro do Noroeste
A casa do pai
Sada
CASA DA CULTURA PINTOR LLORENS

29
MÉRCORES

Marie-Bernadete Charrier: *Concerto do Curso de Saxofón*
Santiago
EAEM

30
XOVES

Miki Nervio & The Bluesmakers
Xove 12.00
SALÓN DE ACTOS DA CASA DA CULTURA

Teatro do Atlántico
Memoria do 36
Monforte de Lemos
EDIFICIO MULTIUSOS



Centro Dramático Galego

25
SÁBADO

26
DOMINGO

29
MÉRCORES

30
XOVES

1. CONVOCATORIAS IGAEM

Convocatoria	Contido	Dirixido	Data límite
Escola de Altos Estudos Musicais: inscrición no Curso de Saxofón	Marie Bernadete Charrier e Claude Delangle, profesores do Conservatorio Nacional da Rexión de Bordeos e do Conservatorio Nacional Superior de Música de París, respectivamente, impartirán este curso na EAEM os días 15, 16, 17, 29 e 30 de novembro e 1 de decembro	Admítese un máximo de 15 alumnos activos –estudantes de saxofón– por rigorosa orde de recepción de solicitudes.	10 de novembro
Escola de Altos Estudos Musicais: inscrición no Curso de Trompeta	Bo Nilsson, trompeta solista da Orquestra Sinfónica de Malmö (Suecia), é o profesor deste curso, que se desenvolve do 20 ao 24 de novembro na sede da EAEM en Santiago.	Admítese un máximo de 15 alumnos activos –estudantes e/ou intérpretes de trompeta– por rigorosa orde de recepción de solicitudes.	13 de novembro
Axudas e subvencións ao sector escénico e musical galego	Axudas á distribución de espectáculos de artes escénicas e musicais.	Empresas e/ou compañías profesionais de teatro, danza e música.	15 de novembro ¹

(1) Un mínimo de 15 días antes da celebración da primeira das actuacións dos espectáculos obxecto de subvención e, en todo caso, antes do 15 de novembro

2. LABORAL / FISCAL / CONTABLE

Obxecto	Contido	Dirixido	Data límite
IGAPE: Programa emprendedores	Servizos de formación e titoría gratuítos. Subvención para investimentos e gastos de inicio de actividade.	Promotores de novas empresas. Mais información na web: http://www.igape.es/Programas_e_axudas/Emprendedores/Emprendedores.not.aspx	31 de decembro

3. PROGRAMAS EUROPEOS

Convocatoria / Prorama	Contido	Dirixido	Data límite
Cultura 2006	Fomentar a aparición e a expansión de novas formas de expresión, dentro dos ámbitos culturais tradicionais e paralelamente ao desenvolvemento dos mesmos: música, artes escénicas, artes plásticas e visuais, fotografía, arquitectura, literatura, libros, lectura, patrimonio cultural incluída a paisaxe cultural, e cultura infantil.	Organizacións culturais en xeral, administracións públicas, asociacións, grupos culturais, etc.	Próxima convocatoria
Xuventude	■ Intercambios de xoves. ■ Servizo Voluntario Europeo. ■ Iniciativas xuvenís.	Asociacións e organizacións xuvenís, así como entidades públicas de ámbito local e estatal.	5 prazos anuais

REXISTRO DE DATOS: XANEIRO-SETEMBRO 2006			
Concellos e entidades	Funcións	Espectadores/ función	Facturación/ función
A Coruña	8	170,50	1.696,75
A Estrada	6	208,83	468,17
Ames	6	61,67	104,83
Arteixo	8	178,00	172,20
As Pontes	4	71,25	72,90
Betanzos	5	139,20	278,40
Boiro	6	166,17	66,00
Burela	3	312,33	15,67
Cambados	6	266,00	219,00
Cangas	7	184,14	576,86
Carballo	6	277,83	334,17
Cariño	10	137,40	103,60
Cedeira	3	51,67	120,67
Cee	7	125,29	200,14
Culleredo	5	142,60	0,00
Ferrol	9	161,11	965,00
Foz	8	131,88	0,00
Gondomar	5	285,00	41,40
Lalín	5	131,20	104,00
Lugo	6	295,00	1.680,00
Monforte de Lemos	5	307,00	392,40
Muros	8	95,25	138,31
Narón	10	237,00	1.172,48
Noia	3	179,67	662,00
O Barco de Valdeorras	1	275,00	0,00
O Carballiño	8	124,63	202,00
Oleiros	6	170,17	423,75
Ortigueira	5	127,40	67,32
Ourense	9	120,67	813,89
Ponteareas	10	286,90	354,60
Pontevedra	16	329,06	384,19
Redondela	9	248,78	690,40
Ribadeo	8	115,75	454,75
Sada	8	89,50	25,88
San Sadurniño	9	194,78	83,83
Santiago de Compostela	18	164,72	695,14
Sanxenxo	4	94,50	183,00
Silleda	5	408,80	61,60
Tui	1	500,00	3.330,00
Vigo	24	64,63	137,38
Vigo (Caixanova)	11	314,91	1.731,82
Vilagarcía de Arousa	26	180,58	52,08
Vilalba	9	216,78	510,80
Vilanova de Arousa	5	73,80	0,00
Viveiro	5	258,20	413,40
TOTAIS	346	183,67	423,46

Compañías	Funcións	Espectadores/ función	Facturación/ función
A Factoría Teatro	9	179,33	567,61
A Roda	1	250,00	0,00
Abe Rábade Jazz	1	46,00	105,00
Ancora Producións	9	131,78	402,17
Antonio Romarís	1	400,00	0,00
Artello-Teatro Alla Scala 1:5	6	200,17	319,58
Art-Monium	1	174,00	834,00
B.B. Producións	1	62,00	114,00
Balea Branca	1	181,00	684,00
Batuko Tabanka	1	73,00	77,40
Berrobambán Teatro	1	457,00	1.772,00
Berrogüetto	1	600,00	0,00
Bucanero & Eme2 Producións	4	44,00	159,75
Campo de Estrelas	1	275,00	0,00
Caramuxo Teatro	6	243,67	304,08
Casahamlet	1	41,00	194,00
Chrystyan Magic	3	243,67	160,33
Compañía Cuarta Pared	2	206,50	913,40
Creacións Máxicas	3	249,67	613,33
Cuarteto de Corda da Orquestra Solistas de Galicia	1	250,00	0,00
Cuarteto Ephimere	2	24,00	75,00
Disque Danza	1	7,00	35,00
Druída Danza	1	372,00	3.763,60
Estíbaliz Espinosa e Rupert Twine	1	33,00	34,50
Experimenta Danza	1	11,00	22,00
Expresións Producións	1	173,00	326,00
Fía Na Roca	1	500,00	0,00
Fulano, Mengano e Citano	14	148,93	471,59
Inquedanza	1	478,00	0,00
Javier Muro	5	255,20	155,40
La Zaranda	1	380,00	1.050,00
Lagarta, Lagarta	24	171,25	528,45
LaSal Teatro	4	126,25	76,25
Los Fígaros	1	260,00	0,00
Mago Richard	2	157,50	115,00
Magüi Mira	1	84,00	413,00
Marco González Tango Argentino	1	600,00	0,00
Máscara Producións	2	67,50	187,50
Migallas Teatro	7	229,00	141,51
Miki Nervio & The Bluesmakers	1	59,00	61,20
Mofa e Befa	6	159,50	563,73
Nova Galega de Danza II	2	301,50	3.765,20
Nove Dous	5	96,80	69,68
O Mago Teto	1	227,00	272,40
Orquestra de Cámara Solistas de Galicia	1	23,00	115,00
Os Cempés	1	800,00	0,00
Os Monicreques de Kukas	5	209,40	100,00

Compañías	Funcións	Espectadores/ función	Facturación/ función
Os Quinquilláns	2	266,50	23,00
Os Sete Magníficos Máis Un	1	87,00	205,00
Oscar Ibáñez	1	180,00	180,00
Pablo Nojes e Páprika	6	205,00	35,00
Pallaso Popín	2	240,00	0,00
Pisando ovos	1	203,00	0,00
R. T. A.	20	417,55	2.601,93
Rosa Cedrón	1	600,00	0,00
Sala Yago	6	183,50	83,50
San & San	4	70,50	239,53
Santart	9	77,56	155,62
Sapristi	8	88,63	227,25
Sarabela Teatro	25	172,88	335,48
Sexteto de Corda No Mar	1	135,00	0,00
Talia Teatro	6	102,33	328,13
Tanxarina Títeres	3	328,67	0,00
Teatro Buratini	9	144,44	54,56
Teatro Cachuzo	2	74,50	57,50
Teatro de Adro	2	89,50	135,50
Teatro de Marionetas Trécola	2	225,00	0,00
Teatro de Ningures	9	113,56	297,22
Teatro del Andamio	8	119,63	101,13
Teatro do Aquí	6	171,83	450,17
Teatro do Atlántico	8	69,88	179,05
Teatro do Morcego	11	92,27	225,39
Teatro do Noroeste	4	83,00	308,63
Teatro dos Tirinautas	2	141,00	99,70
Teatro Galileo	4	216,50	416,13
The Pinga Teatro	4	116,75	367,25
Thiossane	1	400,00	0,00
Títeres Cachirulo	6	153,83	76,33
Títeres Cascanueces	2	189,50	41,50
Títeres Falcatrúa	6	179,83	59,00
Títeres Trompicallo	1	111,00	222,00
Tres Globos	1	250,00	150,00
Trío Cubano Sabrosura	1	400,00	0,00
Viravolta Títeres	5	477,20	0,00
Volta e Dalle Teatro	4	78,00	145,50
Xabier Díaz	1	52,00	50,40
Xirriquiteula Teatre	4	155,75	90,00
TOTAIS	346	183,67	423,46

FUNCIONs	346
PÚBLICO	63.551
OCUPACIÓN	43,96%
FACTURADO	146.517,40 €

